

PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, MEDIANTE CONCURSO, DUN CONTRATO, POR PARTE DO CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS TECNOLÓXICOS DA MADEIRA DE GALICIA PERTENCENTE Á FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA, PARA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO Á SECRETARÍA TÉCNICA DA PLATAFORMA TECNOLÓXICA GALEGA DA MADEIRA.

1.-CONSIDERACIÓNS XERAIS

O presente prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que han de rexer a contratación por parte do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (en adiante CIS Madeira) pertencente á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia dunha asistencia técnica para a realización de proxectos de cooperación, no marco da Axenda Estratéxica de Investigación (AEI) da Plataforma Tecnolóxica Galega da Madeira (PTGM).

Este prego suxéitase aos principios de publicidade e concorrència establecidos pola Lei 10/1996, de 5 de novembro, que regula a actuación de entes e empresas nas que teña participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación. A contratación adxudicarase polo procedemento aberto e pola forma de concurso.

Os dereitos e obrigas das partes que se derivarán, se é o caso, da referida contratación rexeranse en canto á súa aplicación e interpretación polo establecido no presente prego, pola oferta do adxudicatario e polo clausulado do contrato que se formalice tras a adxudicación e, só no non previsto expresamente, no establecido na Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño (BOE núm. 148, do 21 de xuño) e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 257, do 26 de outubro) polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, que unicamente rexerá de forma supletoria.

2.- OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a prestación de servizos de apoio destinados a promover a participación das empresas e entidades adheridas á Plataforma Tecnolóxica da Madeira, no marco de programas estatais e internacionais de I+D.

No caso de que os licitadores o estimasen conveniente, poderán ofertar, ademais da oferta base, ata un máximo de dúas solucións variantes, as cales se axustarán igualmente ás condicións técnicas mínimas. No caso de ofertar máis de unha solución variante, estas deberán recoller de xeito explícito as melloras/variacións propostas, e en todo caso deberán recoller o impacto económico destas. En ningún caso poderá superarse o presuposto máximo establecido no presente prego.

3. ALCANCE E DESCRICIÓN DOS SERVIZOS

As tarefas a desenvolver estarán vinculadas á preparación de 4 propostas de proxectos, no marco de programas estatais o internacionais de I+D+i.

A seguir describíense os traballos a desenvolver polo adxudicatario, en dúas etapas consecutivas:

1. Estudo orientado á identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos, de acordo coas prioridades estratéxicas establecidas na Axenda Estratéxica de Investigación (AEI) da Plataforma Tecnolóxica Galega da Madeira (PTGM).

A recollida de información iniciárase en 3 reunións cos grupos de traballo da PTGM, correspondentes aos seguintes 3 sub-sectoros:

- a) Aproveitamento forestal e serrado.
- b) Fabricación de chapa, taboleiro e pasta de papel.
- c) Segunda transformación (carpintaría, moble e afíns).

Esta fase rematará coa entrega dun informe relativo ás oportunidades de desenvolvemento de proxectos identificadas (número mínimo: 5). Estes proxectos deberán corresponder a iniciativas de cooperación que poidan desenvolverse entre empresas (de xeito individual ou colectivo), centros tecnolóxicos e/ou universidades.

Entre as opcións formuladas, valorando o seu interese e viabilidade técnica, a secretaría técnica da PTGM seleccionará as 4 propostas de proxectos a desenvolver a continuación.

2. Elaboración de toda a documentación técnica e económica requirida para presentar as 4 propostas de proxecto seleccionadas, e tramitación da súa solicitude, conforme ao programa de I+D+i que corresponda en cada caso.

Con carácter previo ao inicio do estudo (etapa 1), o adxudicatario deberá expoñer publicamente (mediante unha presentación oral apoiada por medios audiovisuais) a metodoloxía de traballo, así coma toda aquela información que considere oportuno comunicar ás empresas que potencialmente poidan participar nos proxectos. Os medios técnicos necesarios para realizar esta presentación será proporcionados pola Secretaría Técnica da PTGM e, polo tanto, quedan excluídos do alcance dos servizos.

4. MEDIOS PERSOAIS

A empresa adxudicataria deberá dispoñer do persoal necesario para a correcta realización dos traballos. O licitador deberá indicar, na súa oferta técnica, as subcontratacións que levará a cabo e a súa xustificación.

O persoal ao servizo dos traballos obxecto do presente prego dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen asumirá as funcións de organización das tarefas a realizar e

ostentará en exclusiva todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador, sendo a Fundación de todo allea a ditas relacións laborais. Incumbe especificamente ó empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

O periodo de execución dos traballos iniciarase no momento de formalización do contrato, trala resolución do concurso, e abranguerá un periodo máximo de 24 meses dende a sinatura do contrato.

6. ORZAMENTO E FORMA DE PAGO

O orzamento máximo de licitación para a execución dos traballos obxecto do presente prego (que incluírá o 16% de Imposto sobre valor engadido, taxas e demais impostos) será de 87.000,00 euros (oitenta e sete mil euros).

A forma de pago será a que se establece a continuación: 100% a sinatura do contrato e entrega por parte do adxudicatario dun aval bancario, polo 100% de importe de adxudicación, que garantice a realización dos traballos nas condicións anteditas.

Para o pago das contías de adxudicación, o adxudicatario remitirá a correspondente factura e aval bancario

A liberación do aval terá lugar previo informe favorable dos servizos técnicos do CIS Madeira á vista das actuacións desenvolvidas una vez entregada a totalidade dos traballos obxecto do presente, ademais da xustificación acreditativa que corresponda a xuízo dos referidos servizos técnicos.

Así mesmo, e como condición indispensable para o pago de factura e liberación do aval correspondente, o adxudicatario deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante certificación administrativa comprensiva dos seguintes extremos:

- Non existir co Estado, nin coa Administración Autonómica de Galicia, débedas de natureza tributaria.
- Estar ao corrente no pago das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social.

O adxudicatario non poderá ter débedas pendentes de pago coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Os custos do anuncio en prensa serán por conta da empresa adxudicataria.

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Poderán presentar oferta/s as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que dispoñan dos recursos humanos e técnicos suficientes para a óptima execución dos traballos e que, tendo plena capacidade legal e xurídica para o desenvolvemento destes, reúnan os requisitos establecidos no artigo 15 da Lei de contratos das administracións públicas e non se achen incursos nalguna das prohibicións do artigo 20 da devandita lei.

Os licitadores poderán presentar variantes, alternativas e melloras ás condicións esixidas no presente prego. En calquera caso, as condicións esixidas polo prego consideraranse como mínimas.

O prazo para a presentación das ofertas será de 20 días naturais dende a data de publicación do anuncio de contratación en prensa. O anuncio e pregos de prescricións publicaranse na páxina web do CIS Madeira: www.cismadeira.com.

Os licitadores presentarán toda a súa documentación a través dun único escrito dirixido ao Xerente da Fundación, no que farán constar a referencia: **MBP 04/07. Concurso 02_2007**, xunto ao título do presente prego, así como a relación dos lotes a que se presentan.

A documentación a presentar realizarase en 3 sobres pechados que conterán a seguinte información:

Sobre A: Aspectos administrativos

A documentación a incluír neste sobre será única para todos os lotes aos que se presente o adxudicatario. Esta documentación deberá incluír:

a) A capacidade para contratar acreditarase polos seguintes medios:

- Poderes do asinante.
- Se é persoa xurídica: escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Rexistro Oficial, estatutos ou acta fundacional no que consten as normas polas que regula a súa actividade, inscritos no correspondente rexistro oficial e tarxeta CIF.
- Se é persoa física: tarxeta NIF ou documento que os substitúa regulamentariamente.
- Cando se trate de empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea: inscrición nun Rexistro Profesional Comercial, cando este sexa esixido pola lexislación do Estado Respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa.
- Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para contratar con sociedades e fundacións públicas.
- No caso de estar inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia: copia da inscrición.

b) A solvencia económico-financeira poderá acreditarse polos seguintes medios:

- Contas anuais.
- Informe de institucións financeiras.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e de servizos realizados pola empresa nos tres últimos anos.
- Calquera outra referencia relativa.

Sobre B: Proposta técnica

O licitador deberá incluír a seguinte documentación:

- Presentación xeral da empresa, incluíndo información detallada sobre outros traballos semellantes realizados.
- Unha descrición da experiencia, no desenvolvemento de actuacións semellantes, do equipo técnico que se compromete adscribir ao contrato.
- Programa de traballo, no que o licitador detallará a metodoloxía para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato. Esta planificación detallada abrangará os prazos e os entregables correspondentes a cada actividade.
- Subcontratacións que levará a cabo para a realización dos traballos.
- Canda outra información complementaria se estime oportuno achegar.

Sobre C: Proposta económica

Figurarán o importe total en euros, incluíndo o IVE, taxas e demais impostos engadidos, así como a desagregación deste importe total por conceptos de IVE, taxas e demais impostos.

O importe total será a contía a aboar pola Fundación para a realización dos traballos recollidos no presente prego e na súa proposta técnica conforme ás condicións de pago estipuladas.

Poderase presentar copia da documentación requirida. En caso de ser o adxudicatario, a Fundación terá a potestade de requirir ao licitador a presentación de orixinais para o seu cotexo, ou copias compulsadas da documentación que puntualmente se necesite.

As ofertas deberán ser remitidas por correo certificado ou entregadas persoalmente nas oficinas do CIS Madeira, sitas no: Parque Tecnolóxico de Galicia. Avenida de Galicia nº 5. E-32901 San Cibrao das Viñas (Ourense). Teléfono de contacto: 988 368152. No caso do seu envío por correo certificado ou entrega deste nun Rexistro Oficial Autorizado, o licitador deberá remitir un fax dentro do prazo de presentación de ofertas acreditando o dito envío. Utilizarase a tal fin o número de fax: 988 368153. Horario de entrega de ofertas: 9 a 14 horas de luns a venres.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración da proposta realizarase mediante puntuación nos aspectos técnicos e económicos.

- Características técnicas e de servizo 60 puntos
- Prezo 40 puntos

Para a valoración das proposicións, a Comisión de Selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos.

Establécese una puntuación mínima de 30 puntos para as características técnicas e de servizo. No caso de que ningunha oferta acadara esta puntuación mínima o concurso declararíase deserto.

a. Valoración económica.

Para asignación da puntuación correspondente á valoración económica da oferta presentada, seguiranse os criterios seguintes:

- Considerase que o criterio obxectivo do prezo da oferta debe ter un peso igual ao 40% do total.
- Os puntos obtidos na valoración económica determinaranse de acordo coa seguinte fórmula:

$$40 \times \frac{\text{Oferta tipo licitación} - \text{Oferta a valorar}}{\text{Oferta tipo licitación} - \text{Oferta máis baixa}}$$

- Aos efectos de valoración do criterio de prezo, considerarase temeraria toda proposición económica inferior ou igual ao 80% da media aritmética das ofertas admitidas no concurso, sen prexuízo da facultade do órgano de contratación de apreciar, non obstante, previos os informes técnicos que estime oportunos e a audiencia dos interesados, como susceptibles de normal cumprimento as respectivas proposicións.

A Fundación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis favorable de conformidade aos criterios de adxudicación sen atender exclusivamente ao valor económico da mesma.

b. Valoración técnica.

A puntuación correspondente á calidade técnica da oferta presentada determinarase segundo os criterios seguintes:

- Considerase que o criterio obxectivo da calidade técnica da oferta debe ter un peso igual ao 60% do total.
- A puntuación da valoración técnica terá en conta todos os apartados descritos no presente prego e virá determinada pola ponderación dos subapartados seguintes:

- a) Plan de traballo e experiencia da empresa no desenvolvemento de asistencias técnicas semellantes. Ponderación: 60%.
- b) Experiencia e grao de dedicación do persoal adscrito ao proxecto. Ponderación: 40%.

9. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do proponente, que non o adquirirá, respecto da Fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase de maneira formal.

A Fundación terá a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, de conformidade cos criterios de adxudicación, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserto o concurso.

Unha vez adxudicado o contrato, o CIS Madeira publicará na súa web información sobre os licitadores, criterios de selección aplicados, puntuación obtida por cada oferta e adxudicatario da mesma.

O concurso non quedará adxudicado mentres a Fundación non comunique expresamente a adxudicación do mesmo a empresa, mediante do envío de carta pertinente.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir o contrato dentro do prazo sinalado pola Fundación contados desde á data de notificación da adxudicación.

10. FACULTADES DA FUNDACIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

A Fundación está facultada para interpretar a normativa contida no contrato que se formalice e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificar o contrato por razóns de interese do servizo, interpretalo e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O adxudicatario facilitará a visita, exame e/ou acompañamento a calquera proceso ou fase dos traballos contratados así como as comprobacións da súa calidade e resultados que lle sexan requiridos.

No caso de que estimasen incumpridas as prescricións técnicas do contrato, a Fundación está facultada para esixir o seu cumprimento ou propoñer a resolución unilateral e automática do contrato, que poderá realizar sen necesidade de trámite ningún, con esixencia ao contratista dos danos e perdas causados polo incumprimento.

Se a Fundación opta por esixir o cumprimento, seguirá o procedemento seguinte:

- A Fundación dará por escrito ao adxudicatario as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados, facendo constar no devandito escrito o prazo que para iso se fixe así como as observacións que se estimen oportunas.

- Se existe reclamación por parte do adxudicatario contra as observacións formuladas a Fundación elevará a dita reclamación, conxuntamente co seu informe, a través dos Servizos Centrais ao Xerente da Fundación o que resolverá sobre o particular.

- Se o contratista non reclamase por escrito contra as instrucións da Fundación, entenderase que se atopa conforme con estas e obrigado a corrixir ou remediar os defectos observados.

No caso de que se optase pola resolución do contrato, a Fundación está facultada para terminalo por conta e risco do adxudicatario e convocando o correspondente procedemento de adxudicación.

11. SEGURIDADE E CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN

Obrígase expresamente á empresa adxudicataria a tratar os datos de carácter persoal aos que teña acceso con arranxo ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro (BOE núm. 298, de 14 de decembro), de protección de datos de carácter persoal, e ao Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño (BOE núm. 151, de 25 de xuño) polo que se aproba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, en consecuencia, obrígase expresamente a tratar os datos de conformidade coas instrucións da Fundación e a aplicalos ou utilizalos para os exclusivos efectos do obxecto do contrato. A empresa adxudicataria tamén se obriga a que o encargado do tratamento unicamente tratará os datos conforme ás instrucións do responsable do tratamento, a que non aplicará nin utilizará cun fin distinto ao que figure no citado contrato e que non os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, así mesmo a empresa adxudicataria comprométese de modo expreso a implantar as medidas de índole técnico e organizativo que sexan necesarias para garantir a seguridade dos citados datos e evitar a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizado.

A empresa adxudicataria, así como os seus traballadores, accionistas e membros do Órgano de Administración obríganse a conservar absoluta confidencialidade sobre o traballo desenvolvido, así como sobre os datos e resultados obxecto de traballo, que inclúe a información documental, gráfica e fotográfica, así como o desenvolvemento informático do estudo e informe dos resultados dos ensaios a executar.

A empresa adxudicataria non poderá divulgar, difundir nin reproducir ningún contido dos documentos e información suministrados para o desenvolvemento dos ensaios e estudos obxecto do presente concurso así como dos resultados do mesmo, excepto para a súa explotación estatística.

Toda a información manexada polo adxudicatario dentro do alcance do presente prego será propiedade da Fundación comprometéndose o adxudicatario á non utilización de devandita información para calquera fin non previsto polo presente prego sen a previa comunicación e autorización explícita por parte da Fundación. Nas ofertas a presentar, os candidatos farán mención a usos e destinos alternativos previstos polo licitador no momento de presentación da oferta, para a información contemplada nos traballos a desenvolver.

Ourense, 16 de xullo de 2007

O XERENTE DA FUNDACIÓN

Xosé Luis Villasante Carrera

